



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

CIFP Manuel Antonio

Avda. Madrid s/n 36214 - Vigo

☎ 986 273800 ☎ FAX 986 253907E-

mail: cifp.manuel.antonio@edu.xunta.es
<http://centros.edu.xunta.es/cifpmanuelantonio>

MEMORIA PROXECTO DE INNOVACIÓN.

MODALIDADE A.

"Fabricantes de sorrisos"

ÍNDICE

1. Historia do proxecto. Xustificación.....	páx.2
2. Relación de centros educativos, empresas e entidades participantes no proxecto.	páx.3
3. Actividades realizadas	páx.3
4. Avaliación final.....	páx.4
5. Conclusións. Valoración global do proxecto e previsións de futuro.....	páx.5
6. Memoria de xustificación económica	páx 5

1. Historia do proxecto. Xustificación.

O ámbito dos produtos sanitarios a medida, como é o caso das próteses dentais, vincula directamente ao alumnado co feito de deseñar e elaborar produtos finais non soamente cun interese económico, senón directamente relacionados coa calidade de vida das persoas destinatarias de ditos produtos. É por tanto fundamental que estes produtos sexan de calidade contrastada in situ no sector productivo.

O sector da prótese dental está pasando por unha gran revolución tecnolóxica, onde os deseños tradicionais son substituídos por estruturas obtidas por software e equipamentos asociados a produtos finais de alta calidade, tanto no seu aspecto estético como funcional. Neste momento estas tecnoloxías non poden estar ó alcance dos centros educativos dado o seu elevado coste, e os demos que ofertan os distintos fabricantes non son suficientes para satisfacer a formación desexada para o alumnado. Establecese, por tanto, a necesidade dunha colaboración directa co sector productivo na que sobresalgan aspectos como : a participación activa dos alumnos nos novos deseños e nas novas técnicas, a comparación da calidade entre os deseños tradicionais e os computarizados atendendo sobre todo a oclusión dinámica, e sobre todo a demostración no sector da adquisición das competencias do título por parte do alumnado.

O proxecto "Fabricantes de sorrisos" supón para nosos alumnos a adquisición das capacidades relacionadas co saber , o saber facer e o saber estar dos contidos do currículo do título, nun proceso de aprendizaxe secuencial desde o momento co modelo ou impresión chega a un laboratorio ata o empaquetado da prótese elaborada conforme os criterios de conformidade e calidade requeridos legalmente. Un laboratorio dental conformaría a entidade colaboradora poseedora da licenza sanitaria, entre outros requirimentos legais, para acreditar a validez e trazabilidade dos produtos elaborados. Esta colaboración bidireccional, atendendo a esencia dun laboratorio protésico, enriquecerá o coñecemento do alumnado sobre o sector onde desexan exercer as súas competencias profesionais. Fomentará o carácter emprendedor na especialización por algún ámbito do sector onde as súas habilidades poidan ser máis explotadas e recoñecidas.

O carácter maioritariamente procedimental do proxecto fomentará no alumnado a valoración do traballo ben feito sen unha remuneración obxectiva que se pode resumir como a vocación do protésico como un "fabricante de sorrisos".

No caso do profesorado supón unha formación continuada nas novas tecnoloxías ó tempo que son ofertadas no mercado. Por outro lado, cando un laboratorio colaborador acredite a calidade das próteses elaboradas por nosos alumnos, estaremos avaliando a nosa labor como profesorado. O coñecemento das nosas carencias e a demanda real do sector permitiranos modificar os enfoques no proceso de aprendizaxe da totalidade dos participantes no proxecto.

2. Relación de centros educativos, empresas e entidades participantes no proxecto.

No inicio do proxecto contamos xa ca colaboración formal dun laboratorio dental sito en Pontevedra. Ao longo do tempo participa tamén formalmente o laboratorio "ART TECNIQUE dental de Vigo, e en calidade de colaboradores, laboratorios relacionados directamente ca formación en centros de traballo de noso alumnado (PROTNOR, DENTALIS, PEPE CAETANO, VAZQUEZ JIMENEZ, LABTABOAS, PROCERAM entre outros).

Centro educativo: CIFP Manuel Antonio.

Profesorado participante: Pérez Gippini, María Lourdes (coordinadora); Eijo Martínez, Rosa Luz; Diñeiro López, Rosana

Alumnado participante: promoción 2014-2016 ciclo Próteses Dentais

3. Actividades realizadas (*adxuntasen dossieres)

Unha vez adaptadas as actividades as capacidades de noso alumnado e sempre en base ao proxecto presentado, consensuáronse as seguintes:

ACTIVIDADE 1: ELABORACIÓN DUNHA PRÓTESE COMPLETA REMOVIBLE

- Fabricación dunha prótese completa polo método tradicional de enmuflado con escaiola , con fronte de silicona e con xelatina.

ACTIVIDADE 2: FABRICACIÓN DUNHA PPRM. COMPARACIÓN CON MATERIAL DE NYLON FLEXITE

ACTIVIDADE 3: CONSTRUCCIÓN DE COROAS DE DISILICATO DE LITIO.

ACTIVIDADE 4: CAD- CAM: PUENTE MECANIZADO CON ATACHES E ESQULETICO

ACTIVIDADE 5: FABRICACIÓN PRÓTESE IMPLANTOSOPORTADA METAL-CERÁMICA

- Engloba moitos procesos dun laboratorio de próteses dentais. Inclúe resultados de aprendizaxe de casi todos os módulos que compoñen o currículo do ciclo: elaboración de cubetas individuais, de rodetes de mordida, valoración da oclusión, elaboración de frontes de silicona, restauracións cerámicas,

CURSO DE FORMACIÓN PROFESORADO/ALUMNADO: TÉCNICAS EN ESTRATIFICACIÓN DE CERÁMICA NUNHA COROA DE CIRCONIO

4. Avaliación do proxecto.

O propio alumnado decidiu en que actividade estaba interesado en participar, e unha vez feita a avaliación inicial por parte dos participantes docentes orientouse o plan de elaboración e posta en práctica. Fixose unha avaliación continúa dos logros acadados en cada etapa do proceso de elaboración, dando por positiva a avaliación individual de cada actividade cando acadaba os seguintes requisitos:

- Presentación do dossier no que se inclue o procedemento normalizado de traballo
- Produto final elaborado de acordo aos criterios de calidade do laboratorio colaborador
- Participación activa do alumnado designado

Os instrumentos de avaliación utilizados foron principalmente listas de cotexo e táboas de observación baseadas na evolución e demostración da adquisición de resultados de aprendizaxe do alumnado participante nos distintos módulos que compoñen o ciclo. Así mesmo tamen autoavalíase de igual maneira a actualización do profesorado nos seus coñecementos ao longo dos distintos procesos de cada actividade. Cabe sinalar que dada a necesidade de elaboración dos dossiers, o alumnado perfeccionou capacidades relacionadas cos TIC's.

A satisfacción do alumnado demostrouse constantemente na súa activa participación e interés por acadar os obxetivos previstos.

Cada actividade foi avaliada no laboratorio colaborador. Dado cos distintos produtos finais foron semellantes aos enviados a clínica, podese traducir nunha avaliación positiva en canto a procedementos.

Facendo un resumo en función de indicadores a valorar no momento de plantear o proxecto:

- indicadores cuantitativos: o número de produtos elaborados foron avaliados positivamente polos laboratorios colaboradores; do total de alumnos participantes, dous estarían interesados en montar seu propio laboratorio pero no ámbito animal sanitario como pioneiros en prótese dental en animais de compañía (cabe destacar que xa se fai en algúns países en ganado de alto valor económico para mellorar a súa alimentación); incremento do número de laboratorios colaboradores.
- indicadores cualitativos: logro dos obxectivos de cada actividade valorables por medio dos produtos finais respectivos; satisfacción de todos os participantes; uso das instalacións do centro por fabricantes e delegados comerciais para a difusión das súas técnicas (realizouse un curso demostrativo no mês de Outubro sobre escudo térmico no colado, e está programado no mês de abril unha demostración de composites) permitindo a participación activa do profesorado; estudo de optimización de gastos e de posibles melloras no equipamento dos laboratorios.

5. Conclusións. Valoración global do proxecto e previsións de futuro

A medida que avanzaba a execución do proxecto, os participantes docentes dimonos conta da enorme oportunidade que supón colaborar cas empresas na formación do noso alumnado. E temos ese instrumento plasmado por un lado no módulo da formación en centros de traballo e por outro no módulo de proxecto de ciclo asociado ao mesmo. Acadamos nesa titoría a posibilidade de entablar relacións cas empresas a niveis moito máis ambiciosos que a única formación práctica do alumnado nese período. Continuar este proxecto no tempo sería algo semellante a traer un anaco da empresa a nosas aulas e laboratorios. Os proxectos do ciclo poden utilizarse como unha mais das actividades deste proxecto e non como un simple traballo individual do alumnado. Nestes momentos estamos ideando e plasmando novas actividades en colaboración cas empresas que propoñer ao alumnado e que poidan desenvolver como o seu propio proxecto, o proxecto dun técnico superior en Próteses Dentais.

Iniciouse unha relación directa e bidireccional, que en moitos xeitos podemos chamar vinculación, entre o sector productivo representado polas empresas e o centro formativo, e o máis importante centrada nunha única diana: o alumnado de Próteses Dentais do CIFP Manuel Antonio.

6. Memoria de xustificación económica

ORZAMENTO PREMIO: 4243.64€

Valorando provedores de material funxible e provedores de aditamentos para implantes (principalmente UCLA's) consideramos os seguintes os máis competitivos en prezos de acordo a calidade dos produtos ofertados, os prazos de entrega e a posibilidade de devolución de materiais non usados.

Empresa: NORODEN: depósito dental e material clínico.

Nº FACTURA	IMPORTE
1172/16	1632.66 €
1173/16	959.71 €
1174/16	117.02 €
TOTAL	2709.39€

Empresa: GT MEDICAL: aditamentos implantes

Nº FACTURA	IMPORTE
27336	1159.68€

Curso Formación:

ceramista Delmiro Mesías Carreira

(laboratorio "ART THECNIQUE: **350 €**)